XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

APEE
Organismo Autónomo Programas Educativos Europeos

XACOBEO 2010
Galicia

ACTIVIDADE PORTFOLIO DE ADULTOS Curso 2009/2010 MARÍA FERNÁNDEZ	
TÍTULO DA ACTIVIDADE	"O mundo nas túas mans" ("*The World in Your Hands*")
IDIOMAS	□ GALEGO □ FRANCÉS □ OUTRAS LINGUAS: □ CASTELÁN □ ALEMÁN □ **INGLÉS** □ ITALIANO
DESCRITORES A TRABALLAR	- - Pode participar espontáneamente nunha conversa sobre temas de interese persoal. - Comprende as ideas principais nun discurso claro e normal sobre un asunto cotián que ten lugar na escola. - Pode describir experiencias, esperanzas, soños e ambicións e explicar e xustificar brevemente opinións. - Pode narrar unha historia e describir as súas reaccións.
DESTREZAS QUE SE INCLÚEN	□ COMPRENDER: □ **comprensión auditiva** / □ comprensión lectora □ FALAR: □ **expresión oral** / □ **interacción oral (conversar)** □ ESCRIBIR: □ expresión escrita
OBXECTIVOS	ESPECÍFICOS • Reflexionar sobre as propias experiencias de contacto con outras culturas viaxes, intercambios, estadías, contacto con persoas nativas por carta, Internet, etc. • Compartir co resto dos compañeiros os obxectos que cada alumno garda do país en cuestión ou das persoas que coñeceron como proba desas experiencias. • Intercambiar opinións sobre o significado e importancia do material real que traen os demáis. • Encher un formulario de reflexión sobre a experiencia vivida do compañeiro. XERAIS • Tomar conciencia da diversidade de experiencias lingüísticas e

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

	culturais das persoas. • Incrementar o nivel de autocoñecemento e de responsabilidade sobre a aprendizaxe dentro e fóra da aula. • Reflexionar sobre as estratexias de aprendizaxe a partir do recordo e o análise dunha situación de aprendizaxe vivida anteriormente.
NIVEL	B1
SECCIÓN DO PEL	□ **BIOGRAFÍA** □ PASAPORTE DE LINGUAS □ DOSSIER
PROCEDEMENTO	• Os alumnos traen á clase claquera tipo de material que probe o contacto con outra lingua e cultura. • Por parellas ou en grupos de tres comparten as súas experiencias de aprendizaxe, fan preguntas, aclaran dúbidas e intercambian opinións. Cando o profesor o indique, deberán cambiar de parella ou grupo e repetir a actividade. • Unha vez rematada a fase anterior, cada alumno traballa individualmente cun cuestionario de reflexión sobre a experiencia vivida. • O alumno garda o cuestionario no seu portfolio, no apartado da biografía linguística.
AVALIACIÓN: **Seguimento**	O profesor observa a interacción entre os alumnos actuando como guía e prestando axuda cando se presenta algún problema comunicativo. Establece os tempos e manda cambiar o alumno de parella.
AVALIACIÓN: **Nivel de participación**	No caso de que algún alumno non tivera ningún material que aportar, podería falar das experiencias dun amigo, familiar, etc.
IMPACTO PREVISTO	Esta actividade mellora o clima social do grupo, fomenta a autoreflexión sobre a propia aprendizaxe e motiva aos alumnos para coñecer novos linguas.